

A Lei 12/2014 de Medidas Fiscais e Administrativas, publicada no DOG en data 30 de decembro de 2014, modifica a Lei 9/2012, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012.

Na súa **Disposición adicional cuarta**. *Incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral para o persoal cun réxime especial de Seguridade Social do mutualismo administrativo*, dise o seguinte:

[...] En consecuencia, percibirán o 50 % das retribucións tanto básicas coma complementarias e a prestación de fillo a cargo, se é o caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, **con independencia de que sexa a primeira, segunda ou máis IT dentro do ano natural** (esta é a modificación desta lei posto que, até agora, durante a 2ª IT no ano natural, percibíase o 40% das retribucións até o terceiro día e durante a 3ª IT do ano natural non se percibía ningunha retribución até o terceiro día)

Nos casos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral as retribucións calcularanse de conformidade coas seguintes regras

- Desde o 1º día ata o 3º aboarase o 50% das retribucións.
- Desde o 4º día ata o 20º aboarase o 75% das retribucións.
- A partir do 21º aboarase o 100% das retribucións.

DÍAS I.T.	TOTAL
0 – 3º día	50% retribucións
4º – 20º día	75% retribucións
21º en adiante	100% retribucións

Percibirán o 100%, todas aquelas continxencias que xeren:

- Hospitalización e
- Intervención cirúrxica

Percibirán, así mesmo, o 100% as persoas que estean nos seguintes casos:

- Risco por embarazo,
- Risco durante a lactancia natural